

*Facultade de Ciencias  
Económicas e  
Empresariais*

*Plan de  
promoción  
da FCCEE*

*Curso 2020-2021*

**R1- DO0202 P1**

## PLAN DE PROMOCIÓN DA FCCEE

### Curso 2020 - 2021

A facultade de Ciencias Económicas e Empresariais realiza múltiples actividades co obxecto de promocionar os diferentes Graos que nela se imparten:

- Grao en Administración Dirección de Empresas (ADE)
- Grao en Economía (GECO)
- Plan de simultaneidade ADE-Dereito

No centro contéplase todo un conxunto de actividades de distinto signo que teñen como obxectivo último mellorar a proxección da súa imaxe na contorna na que se inxire. En concreto, podemos destacar as seguintes:

#### 1. II Foro de Emprego.

Nos mes de marzo de 2021 celebrouse na Facultade a segunda edición do Foro de Emprego. O seu obxectivo é facilitar o acceso do alumnado das titulacións de ADE, Economía e o Dobre Grao ADE- Dereito, ao mercado laboral e acercar ás empresas e despachos profesionais ao estudantado, á vez, que se ofrece ás firmas que participan a posibilidade de que se dean a coñecer e de captar talento.

A causa das restricións derivadas da pandemia optouse por seguir, nesta ocasión, un formato virtual.

A pesar da extraordinaria situación que se estaba a vivir, e do formato virtual, participaron máis de 46 empresas, doce máis que no curso anterior. As empresas participantes foron:

Abanca, Adecco, Adolfo Domínguez, Agencia Estatal de la Administración Tributaria, Analistas Financieros Internacionales (AFI), AIG, Baltar + Abogados, Banco Mediolanum, Basque Culinary Center, BDO, Bimba y Lola, Campus do Mar, CMS Spain, Colegio de Economistas de Pontevedra, Cuatrecasas, Deloitte, Enerxía Galega, Elemental Chefs, Embajada de Japón en España, Ence, EY, Gadisa, Galaria, Garrigues, Grant Thornton, Grupo Calvo, Grupo Iberconsa, Grupo Profand, Hijos de Rivera, Lonza Biologics, Ministerio de Economía, Nueva Pescanova, On Tax & Legal, OVB Alfinanz, PwC, Quindel Group, Real Club Celta, Sagres, Starnaliza, Uría y Menéndez y Zandal.

Tanto na edición anterior do Foro como na actual, os másteres impartidos na FCCEE tiveron o seu propio espazo para facilitar o seu coñecemento ao alumnado.

Pola súa banda, o número de estudantes rexistrados superou os 730, o que supuxo un crecemento dun 60% respecto da edición anterior. Nesta edición outorgouse especial relevancia á transversalidade. A organización envorcouse non só no alumnado da FCCEE senón no alumnado de calquera outra titulación, a través de charlas, sesións informativas, etc., de empresas do ámbito xurídico-social e do ámbito científico-tecnolóxico.

Podemos concluír que a celebración do Foro de Emprego favorece a proxección externa da nosa Facultade e, o feito de que un número tan relevante de empresas tan recoñecidas estea disposta a participar ano tras ano, engade un plus de calidade ao centro.

Outro aspecto a destacar foi a participación na organización do evento dun número importante de estudantes que se ofreceron como voluntarios. O seu traballo foi clave para o éxito do evento.

A repercusión do evento nos medios de comunicación foi moi significativa.

## **2. Organización de conferencias.**

Ao longo do curso, antes dos períodos de exames, o decanato organiza conferencias e charlas dirixidas a toda a comunidade universitaria, aínda que tamén están abertas á sociedade en xeral. Antes do desencadeamento da crise da covid-19 todas as conferencias celebrábanse nas dependencias da Facultade. Os actuais problemas de aforo e a rápida evolución dos medios tecnolóxicos durante a pandemia propiciaron a realización de actos mixtos, cunha moi limitada presenza no salón de actos, pero gran capacidade de participación a través das plataformas virtuais. As charlas emítense en directo e boa parte delas son tamén gravadas para que poidan ser vistas a posteriori a través de UVigo-TV.

A calidade dos/as relatoras fai destas conferencias un extraordinario medio para a aprendizaxe e a posibilidade de contar cunha visión da profesión moi próxima á realidade.

- 1 de outubro de 2020: "La lucha contra el COVID-19: Zendal & Uvigo", Ponente: Andrés Fernández, CEO de Zendal.
- 21 de outubro de 2020: "El papel del BCE en la crisis económica provocada por la pandemia generada por el COVID-19". Ponente: Luis de Guindos, Vicepresidente do Banco Central Europeo.

- 28 de outubro de 2020: “La gestión de las emociones cuando se trabaja en equipo”. Ponente: Inma Puig, psicóloga clínica, profesora no departamento de Dirección de Recursos Humanos de ESADE, psicóloga no F.C. Barcelona e, desde o ano 2014, asesora do restaurante El Celler de Can Roca.
- 6 de novembro de 2020: “Los retos del sector energético en el actual escenario de transformación: una visión desde Galicia”. Ponentes: Pablo Fernández Castro, Presidente e CEO de NORVENTO, e de Xavier Labandeira, Catedrático de Economía Aplicada da Universidade de Vigo, director de Economics for Energy e integrante do Grupo Inter Gubernamental sobre Cambio Climático da ONU (IPCC).
- 15 de novembro de 2020: “Una carrera dedicada al desarrollo corporativo”. Ponente: Enrique Lloves Vieira, Consejero e socio de MASCATO, S.A.
- 2 de decembro de 2020: “Covid19 y economía: lecciones aprendidas e incertidumbres futuras”. Ponente: Miguel Sebastián, ex-ministro de Industria, Turismo e Comercio del Gobierno de España.
- 10 de marzo de 2021: “Experiencias en primera persona”. Ponente: Marta Fernández Queimadelos, CEO de T-Solar.
- 17 de marzo: “Más allá de los límites”. Ponente: Roberto Bermúdez de Castro, Regatista olímpico, participante en dúas Copa América e sete Voltas ao mundo.
- 7 de abril de 2021: “Olimpismo, economía y deporte”. Ponente: Alejandro Blanco Bravo, presidente do Comité Olímpico Español (COE).
- 14 de abril: “La gestión de la adversidad”. Ponente: Gustavo Zerbino, supervivente do accidente dos Andes de 1972.
- 28 de abril: Mesa redonda: “Oportunidades de negocio e inversión entre Japón y España”. Ponentes: Xosé Carlos Arias, catedrático de Economía Aplicada da Universidade de Vigo; Pedro Cordero, coordinador de proxectos da Organización de Comercio Exterior de Xapón (JETRO); Tomás Zumárraga, director xeneral de Shacho Kai, unha asociación sen ánimo de lucro que inclúe empresas sitas en España que teñen ao menos o 10% del capital xaponés; Rosario Froján e Alfredo Olmedo, socios-directores da firma galega de moda D-Due que ten moito éxito no mercado xaponés, e Pedro Mouriño, coordinador do Foro de Internacionalización do Círculo Empresarial Galego e presidente de Iberatlantic Global Corporation que moderará a mesa redonda.

### 3. Charlas e talleres .

- “Planifica tu carrera profesional”. Ponentes: Gonzalo Oliveira (Área de supervisión do BCE); Laura Prieto (Asesora de Comercio e Inversiones internacionales del ICEX). Ambos son exalumnos da FCCEE.
- “De estudiante de la Uvigo a consultor financiero en Afi”. Ponente: Diego Aires. Exalumno da FCCEE e Consultor en Analistas Financieros Internacionales.
- “¿Qué perfil profesional se requiere para acceder a un despacho jurídico? ¿Cómo es el proceso de selección?” Ponente: Pablo Egerique Mosquera. Despacho Garrigues.
- “En busca de tu primer empleo”. Ponente: Maica Nieto Castro. ADECCO.
- “Mediación: disciplina para la gestión y resolución de conflictos. Habilidades mediadoras: el tesoro que buscan las organizaciones en los candidatos”. Ponentes: María González Gordon. Socia en C/M/S Spain; Beatriz Rodríguez Sánchez. Mediadora; María Martínez Quintana. Mediadora e Facilitadora de Equipos”. ENSO.

### 4. Promoción do centro a través de redes sociais.

A Facultade realiza unha intensa actividade de promoción a través de Instagram, unha das redes sociais máis empregadas pola xente xoven.

[https://www.instagram.com/fcee\\_uvigo/](https://www.instagram.com/fcee_uvigo/)

### 5. Actos de graduación

Estes actos, aínda tendo un marcado carácter académico, tamén teñen unha vertente promocional, debido a que contribúen a facer tanxible o servizo ofrecido. Nese sentido, a realización destes actos permite, por unha banda, facer visible o traballo realizado para as familias dos estudantes e para a sociedade en xeral e, por outro, proxectar unha imaxe adecuada dos egresados e egresadas do centro nesa contorna e, particularmente, no ámbito específico dos empregadores aos que se procura chegar pola vía de incorporalos como padriños da promoción.

No curso académico 2020-2021 celebráronse varios actos de graduación: os correspondentes ao alumnado que finalizou os seus estudos nese curso e os correspondentes ao alumnado do curso anterior quen non tivera acto de graduación presencial a causa do estado de alarma derivado da crise da covid-19.

Os actos de graduación das promocións dos graos en ADE, Economía e o Dobre Grao ADE-Dereito realizáronse o 10 de xullo. Os padriños de promoción foron os seguintes:

Grao en ADE: D. Rubén Martínez Nieto, CEO de Artai.

Grao en Economía e Dobre Grao ADE-Dereito: D. Andrés Fernández Álvarez-Santullano, CEO de ZENDAL.

O acto de graduación das promocións que finalizaron os seus estudos no curso 2019-2020 realizáronse no mes de setembro de forma conxunta e tiveron como padriño de promoción a D. Julio Lloves Vieira presidente de MASCATO.